




CONSEJO DE GOBERNO

Sesión ordinaria


Vigo, 24 de xaneiro de 2023



Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do mércores 21 de decembro de 2022.



Informe do reitor.



Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

TITULACIÓNS DE GRAO: verificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
Grao en Enxeñaría de Sistemas Conectados Intelixentes	Non	Desfavorable por non estar aberto o mapa de titulacións de grao no SUG
Grao en Enxeñaría da Información (dual)	Non	Desfavorable por non estar aberto o mapa de titulacións de grao no SUG

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

TITULACIÓNS DE GRAO: modificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
Grao en ADE – mención dual	Non	Favorable
Grao en Comercio	Non	Favorable
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Non	Favorable
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Non	Favorable

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

PCEO

Titulación	Informe
PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais	Favorable
PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Favorable
PCEO en Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Pública	Favorable

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

TITULACIÓNS DE MESTRADO: verificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
MU en economía circular	Si (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en innovación educativa	Si (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en realidade estendida	Si (UCD+USC+UVIGO)	Favorable
MU en e-government e transformación dixital	Si (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en e-health	Si (USC+UDC+UVIGO)	Favorable
MU en criminoloxía	Si (UDC+UVIGO)	Favorable
MU en ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva	Si (UVIGO+UDC)	Favorable
MU en ensino de español como lingua estranxeira ou segunda lingua	Si (UCD+USC+UVIGO)	Favorable
MU en prevención e tratamento das drogodependencias e condutas aditivas	Si (UVIGO+USC)	Desfavorable. Non hai declaración de interese por parte da USC. Non hai aprobación por Xunta de Centro
MU en avogacía e procuradoría	Non	Favorable
MU en enfermaría*	Non	Favorable

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

TITULACIÓN DE MESTRADO: modificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
MU en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	Si (USC+UDC+UVIGO)	Favorable
MU en lingüística aplicada	Si (UDC+USC+UVIGO)	Favorable
MU en tradución multimedia	Non	Favorable
MU en enxeñaría de minas	Non	Favorable
MU en enxeñaría informática-mención dual	Non	Favorable
MU en enxeñaría de telecomunicación	Non	Favorable
MU en técnicas estatísticas	Si (USC+UDC+UVIGO)	Favorable
MU en xestión e dirección laboral (*)	Si (USC+UDC+UVIGO)	Non hai declaración de interese en UVIGO e UDC

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO: verificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
Programa de doutoramento en contabilidade	Si (UBU+UAM+UCA+UPO+UVIGO)	Favorable
Programa de doutoramento en xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas	Non	Desfavorable. Informe aprobado polo Comité de dirección da Eido segundo o documento adxunto.

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.

Informe da Eido: Programa en xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas.

Valoración técnica da proposta do Programa de doutoramento en xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas pola Comisión de calidade da Eido:

- Como **fortaleza** cabe destacar a experiencia investigadora acreditada polo profesorado propoñente.
- Atopáronse as seguintes **debilidades**:
 - Liñas de investigación moi desagregadas en contradición coa tendencia marcada nas avaliacións da ACSUG. A temática coincide cun título xa existente na Universidade de Vigo (Programa de doutoramento en comunicación), cuxa CAPD trasladou as súas obxeccións á Comisión de calidade.
 - A solicitude está formada por tres grupos de investigación. Un dos tres grupos está presente completamente no actual Programa de comunicación e dous profesores dos outros grupos tamén.
 - Das 10 teses que presentan, oito son do Programa de comunicación actual e tres delas non foron dirixidas polo profesorado propoñente.
 - A condición establecida no artigo 4.7 do Decreto 222/2011 é que non se autorizará un novo título se xa existe outro na súa universidade cunha coincidencia dun 50 %. As expectativas de éxito son, polo tanto, mínimas.

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.

Recomendación da Eido: Programa en xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas.


- Canalizar a oferta formativa proposta nunha modificación do actual Programa de doutoramento en comunicación para acadar deste xeito unha oferta máis integradora e que poida dar mellor resposta ás necesidades estratéxicas da Eido.
- Unha oportunidade para levalo a cabo pode ser a través da modificación do programa, seguindo as recomendacións do informe de renovación de acreditación da ACSUG.
- A CAPD deste programa móstrase aberta, no seu escrito, a fortalecer o programa coa incorporación do profesorado propoñente que acredite os requisitos.

Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

Informe favorable por asentimento na sesión da COAP do 18 de xaneiro de 2023.

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO: modificación

Titulación	Interuniversitario	Informe
Programa de doutoramento en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Non	Favorable
Programa de doutoramento en sistemas software intelixentes e adaptables	Non	Favorable




Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación de profesorado axudante doutor.

Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación de profesorado axudante doutor

Aprobado na mesa de negociación do 9 de xaneiro de 2023.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

- Mantéñense as mesmas normas aprobadas no consello de goberno do 12 de marzo de 2021, coa seguinte modificación:
 - Carga docente básica dunha unidade docente: é o total da docencia encargada a esa unidade docente en titulacións de grao e de mestrado que habilitan para profesións, mestrados G2030 e mestrados do ámbito das ciencias da saúde.
 - Compromiso de estudo dá a posibilidade de incorporar máis mestrados e recoñecementos docentes que se poidan considerar estables.



Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15 % reservado para o persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OPE) da Universidade de Vigo. Convocatoria 2023.

Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15 % reservado para o persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OPE) da Universidade de Vigo.
Convocatoria 2023

Aprobado por asentimento na mesa de negociación do 9 de xaneiro de 2023.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

- Mantéñense as mesmas normas da convocatoria de 2022, coas seguintes modificacións:
 - Número de prazas: convocaranse 15 prazas de profesorado titular de universidade.
 - Requisitos das persoas solicitantes: ser ou ter sido investigador/a posdoutoral dalgún dos programas recoñecidos ou equiparados nas convocatorias I3 e que a data de finalización deste sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2023 (sen considerar as prórrogas consecuencia da pandemia da covid-19).
 - Non poderán participar aquelas persoas que finalizasen voluntariamente a súa relación contractual coa Universidade de Vigo e/ou leven un ano sen a dita relación contractual antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.


Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15 % reservado para o persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OPE) da Universidade de Vigo, Convocatoria 2023.

Aprobado por asentimento na mesa de negociación do 9 de xaneiro de 2023.
Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

- Mantéñense as mesmas normas da convocatoria de 2022, coas seguintes modificacións:
 - Avaliación e selección:
En primeiro lugar adxudicaránselles as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que estiveran contratadas no programa Ramón y Cajal.



En primeiro lugar adxudicaránselles as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que consigan un proxecto na convocatoria de axudas para incentivar a consolidación investigadora 2022.



Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2023/2024.



Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2023/2024.

Informado na mesa de negociación do 9 de xaneiro.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

Non hai modificación respecto á convocatoria do curso 2022/2023

- 50.000 €
- Prazo ata o 18 de febreiro de 2023
- Criterios (mantéñense os mesmos do curso 2022/2023):
 - 2 puntos por sexenio e 1 punto adicional se é un "sexenio vivo".
 - 1,5 puntos por quinquenio.
 - Cargos de xestión unipersoais:
 - Últimos 10 anos: valoración da ACSUG para os complementos.
 - Entre 10 e 20 anos: 75 % do anterior.
 - Máis de 20 anos: 50 % do anterior.



Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/2024.

Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/2024.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

Modificación respecto ao curso 2022/2023

- Actualización de datas.
- Horas asignadas en grao: o número de horas de profesorado de cada grao calcularase en función do indicador denominado "tamaño medio de grupo" (TMG) e da estimación de horas matriculadas no curso 2022/2023 (EHM), de acordo coa expresión EHM/TMG . A dita estimación incluíra as horas para a impartición de docencia en inglés correspondentes á prórroga do plan de internacionalización da docencia.

Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/2024.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

Modificación respecto ao curso 2022/2023

- Elaboración da PDA: no caso dos mestrados con carga docente básica, deberase asignar a docencia ás áreas de coñecemento ás que pertence o profesorado que participe na docencia destes.

(³) Segundo a definición de carga docente básica definida nas normas para a contratación de profesorado axudante doutor.


Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/2024.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

Modificación respecto ao curso 2022/2023

- Anexo I: A.2.2. Captación de alumnado: apoio a tarefas de captación de alumnado nos centros.

1500 puntos repartidos proporcionalmente ao número de actividades de captación institucionais nas que participaron os centros no curso anterior e que foron certificadas pola vicerreitoría competente.




Aprobación, se procede, do teito de horas destinado a actividades de xestión e de apoio nos centros/campus para o curso 2023/2024.

Aprobación, se procede, do teito de horas destinado a actividades de xestión e de apoio nos centros/campus para o curso 2023/2024.

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.

➤ Mantense o teito de horas do curso 2022/2023:

Centros	9270
Mestrado	2800
Doutoramento	1450
Campus de Excelencia	480
	14000




Aprobación, se procede, de solícitude de comisión de servicios.


Aprobación, se procede, de solicitude de comisión de servizos

Informe favorable por asentimento na COAP do 18 de xaneiro de 2023.


- Solicitude de prórroga da comisión de servizos de Emma Rodríguez Rodríguez por parte da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social.
- Actualmente en comisión de servizos ata o 30 de xaneiro de 2023.
- Informe favorable do Departamento de Dereito Público Especial
 - Proposta: aprobar a prórroga da comisión de servizos ata o 31 de xaneiro de 2024.




Aprobación, se procede, da modificación da cláusula oitava do modelo de convenio específico de colaboración para a realización de traballos de fin de estudos (grao ou mestrado), en relación á propiedade intelectual e industrial dos traballos.





Aprobación, se procede, de modificacións no acordo do Consello de Goberno sobre a consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á Universidade de Vigo, en relación coas actividades de extensión universitaria.




Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario.



Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao.



Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento.




Aprobación, se procede, da concesión do doutoramento honoris causa ao profesor Nicholas A. Kotov.



Nicholas A. Kotov
University of Michigan

Á proposta do Departamento de Química Física

- Recoñecido internacionalmente polos seus descubrimentos fundacionais no campo das nanoestructuras biomiméticas e bioinspiradas que permitiron avances tecnolóxicos relacionados coa electrónica, tecnoloxías enerxéticas, descubrimento de fármacos, implantes biomédicos e robótica.
- Colaborador coa Universidade de Vigo desde o ano 1997.
- Con casi 400 artigos, moitos deles nas prestixiosas revistas *Nature*, *Science* ou *Journal of the American Chemical Society*; máis de 70.000 citas e un $h = 138$ (HCR).
- Numerosos premios de investigación e de transferencia e membro de sociedades relevantes.
- Creador de seis *start-ups* e de 43 patentes.



- Ratificación, se procede, dos membros da Comisión de publicacións polo sector PDI:
- 3 PDI do ámbito humanístico-artístico / xurídico-social
 - 3 PDI do ámbito tecnolóxico-científico


Vogais PDI

Ámbito humanístico e xurídico-social

- Marta García González
- Benigno Fernández Salgado
- Enrique José Varela Álvarez


Ámbito tecnolóxico-científico

- Ignacio Pérez Juste
- Marta Pérez Rodríguez
- Ana María Bernabeu Tello





Elección da seguinte representación na Comisión de investigación, delegada do Consello de Goberno:

- 1 estudante



Elección da seguinte representación no Comité de dirección da Eido:

- 1 PAS
- 1 estudante do ámbito do Campus do Mar



Quenda de intervencións.



Universidade de Vigo